

**ACTA 2ª DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE
PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE:
ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE CERO EMISIÓNES.**

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario do Concello.
- Ana Isabel Candame Areosa, interventora do Concello.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

En Brión a 24 de xullo de 2024, sendo as 12,00 horas, se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento referenciado.

O obxecto da sesión é proceder ao acto público de apertura do arquivo ou sobre electrónico 2: Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente.

En primeiro lugar pola Presidencia dáse conta das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación á única empresa presentada polo arquivo ou sobre electrónico 1: Documentación e referencias técnicas non avaliadas automaticamente.

A continuación procedeuse á apertura das proposicións presentadas no arquivo ou sobre electrónico 2: Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente.

Acto seguido procédese a avaliar a oferta presentada, dándose o seguinte resultado:

1. HYUPERSA SANTIAGO S.L., que ofrece o seguinte:

- Oferta económica: Oferta un prezo de: 38.500,00 euros, IVE incluído, que significa unha baixa respecto do orzamento base de licitación de: 40.000,00 euros, IVE incluído, de:1.500,00 euros.
- Incremento do prazo de garantía: Oferta un prazo de garantía de: 5 anos, o que supón un aumento do prazo de garantía de: 2 anos respecto ao prazo de garantía que figura no prego de tres anos e sen límite de quilómetros.
- Ofrece un prazo de entrega de: 2 días naturais, o que supón unha redución do prazo de entrega de: 8 días naturais respecto ao prazo de entrega que figura no prego de cláusulas administrativas de 10 días naturais.
- Ofrece servizo postventa durante o prazo total de garantía ofertado que inclúe vehículo de substitución equivalente en caso de avaría.

A Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

- Oferta económica: 3,50 puntos.
- Incremento do prazo de garantía: 30,00 puntos.
- Redución prazo de entrega: 20,00 puntos.
- Servizo postventa: 5,00 puntos.

Total puntuación: 58,50 puntos.

En consecuencia a puntuación total obtida pola única empresa licitadora HYUPERSA SANTIAGO S.L, é a seguinte: Arquivo ou sobre electrónico 1: Documentación e referencias técnicas non avaliadas automaticamente: 23,50 puntos. Arquivo ou sobre electrónico 2: Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente: 58,50 puntos. Total puntuación: 82,00 puntos.

2º) A Mesa de Contratación, logo de comprobar os datos que figuran no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, segundo certificado do día de hoxe, por unanimidade, acorda:

1º) Propoñer a adxudicación á empresa HYUPERSA SANTIAGO S.L, con NIF: B-70470075, do contrato de: **ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE CERO EMISIONS**, marca HYUNDAI, modelo TUCSON PHEV TGDI 1.6 265 CV 4 X 4 AT MAXX, ofertado polo licitador, por un prezo de: 38.500,00 euros, IVE incluído.

2º) Requirir á empresa HYUPERSA SANTIAGO S.L para que presente, dentro do prazo de **SETE (7) días hábiles** a contar desde o día seguinte ao envío da comunicación, **por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público**, a documentación establecida na **cláusula 16: apartado 16.1.2 (poder de representación)** do prego de cláusulas administrativas, e a **constitución da garantía definitiva** polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, **polo importe de:1.590,91 euros**, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; **o documento orixinal da garantía deberá presentarse para o seu depósito na tesourería municipal.**

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.